



# O Concello inicia unha nova campaña medioambiental con 900 composteiros

O Concello de Boqueixón vén de iniciar unha nova campaña medioambiental coa adquisición de 900 composteiros. O proxecto é posible grazas ao apoio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e dos Fondos FEDER, dentro do Programa Operativo Feder Galicia.

“Con esta nova iniciativa, pretendemos estender a compostaxe caseira entre a poboación, de xeito que se reduza a cantidade de residuos orgánicos. Este proxecto sumaríase aos case 200 composteiros que xa se repartiron entre a poboación nos últimos anos”, indica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

A adquisición dos 900 composteiros supuxo un investimento de preto de 60.000 euros. Os colectores contan cunha capacidade total de 400 litros. O seu uso está pensando para vi-

ventas que contan cun espazo axeitado dentro da súa horta ou xardín.

Os composteiros repartíranse entre a poboación en varias fases. A primeira delas comprende un prazo de solicitude ata o 15 de maio. As persoas interesadas deberán remitir a súa petición a través do formulario correspondente ao enderezo electrónico [compostaxe@boqueixon.com](mailto:compostaxe@boqueixon.com). A documentación a cubrir pódese descargar na web municipal ([www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)).

Unha vez recibidas as solicitudes, realizarase a entrega dos primeiros composteiros. Para iso, convocarase ás persoas solicitantes para unha charla informativa sobre o seu uso para despois entregar os distintos colectores á poboación.

Para velar pola axeitada manipulación dos composteiros, realizarase un seguimento da súa utilización.



Charla informativa de Sogama na anterior campaña de compostaxe, no 2019

Así, asegurárase que se está a cumprir con todas as indicacións pertinentes no tocante ao seu uso, garantindo o axeitado tratamento dos residuos orgánicos nos fogares do municipio.

Paralelamente, o Concello de Boqueixón repartirá diversos materiais divulgativos -a través de trípticos informativos- nos que se dará conta das distintas posibi-

lidades de reciclaxe. Ademais, faise especial fincapé nos beneficios e vantaxes da compostaxe caseira.

“Buscamos concienciar sobre a importancia de reducir a pegada medioambiental a través de pequenas accións. Cómpre que entre toda a poboación sumemos esforzos para coidar a nosa contorna”, conclúe o rexedor boqueixonés.

## Axudas do IGVS para mellora e rehabilitación de vivendas

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) convocou durante o mes de marzo diversas axudas para a mellora e rehabilitación de vivendas. A primeira delas comprende distintas liñas de subvencións para actuacións

de rehabilitación. Estas comprenden proxectos relativos fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas. As solicitudes de axudas -que poden variar entre os 3.000 e os 17.000

euros- deberán realizar antes do 22 de abril.

Por outra banda, o IGVS puxo en marcha aun programa programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas. Neste caso, o prazo establecido para a

presentación de solicitudes esténdese ata o 1 de setembro, ou, ata o momento en que se esgote a partida para este fin.

Pódese consultar máis información sobre estas axudas na web municipal ([www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)).

Plantación simbólica de carballos con motivo do Día das Árbores en Sergude

O conselleiro do Medio Rural, José González, visitou Boqueixón para participar nunha plantación simbólica de carballos. Esta realizouse no terreo do CFEA Sergude con motivo da conmemoración do Día Internacional das Árbores. González puxo de manifesto a importancia do complexo do Pazo de Quián como futuro escaparate do rural de Galicia.



Un intre do acto conmemorativo

## O Concello proxecta a reforma do parque infantil de Sergude

O Concello de Boqueixón vén de solicitar á Xunta a reforma e cubrición do parque infantil de Sergude. Deste xeito, completaranse as distintas actuacións realizadas nos espazos de lecer para a cativada localizados a carón das tres Escolas Unitarias do municipio.

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitou precisamente as reformas acometidas nos parques infantís de Camporrápido e Lestedo. As obras de mellora e cubrición dos parques infantís contaron cun orzamento de preto de 50.000 €, financiados nun 80% pola Xunta e no 20% restante pola administración local.

“Estas renovadas infraestruturas redundan no beneficio do conxunto



Natalia Prieto durante a súa visita aos parques infantís boqueixoneses

de boqueixaneses e boqueixanesas porque, aínda que están localizadas a carón das Escolas Unitarias, son utilizadas pola veciñanza da contorna, dada a súa accesibilidade e a seguridade das instalacións. Ademais, coas novas cubertas, tamén se poden utilizar en caso dos días de tempo máis desapacible”, indicou o alcalde

de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

No caso do parque infantil da Unitaria de Sergude, o investimento previsto é de 50.000 euros, xa que suporá a mellora integral do espazo, así como a súa cubrición. Dende o Concello agardan contar coa financiación autonómica para a execución deste proxecto.

## Recta final das obras de rehabilitación na igrexa de Lamas

A igrexa de Santa María de Lamas estreará neste mes a súa renovada faciana. Así o indicou o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, que visitou as obras de mellora que se están a acometer na capela.

Os traballos, financiados pola Xunta, supoñen un investimento de máis de 110.000 euros. O proxec-

to prevé solucionar os problemas de humidade que afectan a este templo situado ao pé da Vía da Prata. Ademais, a actuación tamén inclúe tarefas de limpeza, pintura e carpintería, e un incremento da ventilación e un estudo das zonas onde existen pinturas murais. Do mesmo xeito, elimínase o pavimento de terrazo exterior.



O conselleiro de Cultura supervisou os traballos realizados na igrexa de Lamas

# A Xunta licita as obras de mellora do firme da AC-960 por preto de 500.000 euros

A Xunta de Galicia licitou por preto de 500.000 euros as obras de mellora das condicións de circulación na estrada AC-960 ao seu paso polo municipio de Boqueixón. Máis concretamente, os traballos acometeranse entre A Susana e o límite con Vila de Cruces. O prazo para a presentación das ofertas para as empresas interesadas estenderase ata o 19 de abril.

“Trátase dun proxecto moi agardado e que beneficiará a grande parte da veciñanza de Boqueixón. Esta estrada autonómica é un dos principais eixos de comunicación no municipio”, indicou o rexedor boqueixonés, Manuel Fernández Munín.

A mellora na AC-960 comprenderá o acondicionamento da estrada nun treito de 17 quilómetros,



A Xunta prevé o acondicionamento da AC-960 ao seu paso por Boqueixón por un investimento de case 500.000 euros

pasando polos núcleos de A Susana, Sergude, Rodiño Grande, Forte, Bugalleira, Empalme de Vilar, Vilar, Loureiro, Camporrapado e Vilapaz. Este vial comarcal rexistra unha media de paso de entre 3.000 e 5.000 vehículos diarios, no caso do treito ata o Empalme de Vilar, e de entre 1.500 e 3.000 entre este punto e Ponte Ledesma.

O proxecto prevé o fresado cun espesor de 5 centímetros e a reposición do firme naqueles tramos da estrada que se atopen máis deteriorados. “Traballando en anchos variables dependendo da posición e extensión das pataloxías, en zonas de firme con zonas fisuradas pero sen deformación, a rehabilitación consistirá na extensión dunha

capa de rodadura en todo o ancho do carril”, indican dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, encargada da contratación das actuacións.

As obras de mellora do firme completaranse coa reposición da sinalización horizontal e balizamento. Así mesmo, repintaranse as zonas nas que se leve a cabo o fresado.

## A estrada de Rodiño e Codeso contará cunha senda peonil

A Deputación da Coruña adxudicou por 226.843,47 € o proxecto para a mellora da seguridade viaria en dous tramos da DP-1201 entre Rodiño a Codeso.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, indicou que estes traballos “veñen a dar resposta a unha vella demanda da veciñanza, que leva reclamando melloras nesta estrada provincial dende o ano 2015”. Os traballos, cun prazo de execución de 6 meses, afectarán a un treito de preto de dous quilómetros, divididos en



Vista parcial da estrada provincial na que se prevé habilitar a senda peonil

dous tramos. O primeiro deles do PQ 2+360 ao 3+550 e o segundo, do PQ 4+500 ao 5+200.

A mellora da seguridade viaria pasará pola creación dunha senda peonil de 1,8 metros na marxe esquerda

dos devanditos treitos da DP-1201, que se completarán coa mellora das beirarrúas de 1,5 metros existentes no tramo entre os puntos quilómetros 2+270 e 3+550. A senda peonil construírse en formigón e contará cunha capa de zorra en cor.

O proxecto contempla, finalmente, os traballos correspondentes á recollida de pluviais, á execución dun colector e a instalación de arquetas e, para a iluminación, á canalización das tubaxes necesarias baixo a senda.



As crianzas participantes nas actividades do programa de conciliación Semana Activa dividíronse en catro grupos diferentes para manter as medidas de seguridade

## 16 escolares participan na Semana Activa

Un total de dezaseis escolares de Educación Infantil e Primaria do municipio participan nas actividades da Semana Activa. Trátase dun programa de conciliación familiar e laboral que ofrece alternativas de lecer para a cativada durante as súas vacacións de Semana Santa.

Esta proposta de conciliación resultou un éxito de convocatoria, cubrindo todas as prazas dispoñibles. Co fin de manter todas as medidas de seguridade e de prevención contra a expansión da COVID-19, as crianzas participantes foron divididas en catro grupos doutros tantos nenos e

nenos. Cada un deles conta cunha persoa encargada de coordinar as diferentes propostas de lecer.

As actividades desenvólvense ata o 5 de abril en horario de mañá nas instalacións municipais de O Forte. Entre as iniciativas desenvolvidas atópanse diversos obradoiros coa

temática da Pascua, que inclúen a elaboración de variadas manualidades. Para iso, proporciónanse diversos materiais para a súa elaboración.

Ademais, e aproveitando o bo tempo, desenvólvense xogos ao aire libre para que as crianzas poidan gozar dos días solleiros.

## O CIM promove unha campaña en materia de igualdade

Con motivo do Día Internacional da Muller (8M) o Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón puxo en marcha unha campaña de concienciación en materia de igualdade. Esta iniciativa desenvolveuse de xeito conxunto polos tres Concellos integrados neste organismo -Boqueixón, Touro e Vedra-. Unhas

propostas que foron presentadas no Consistorio boqueixonés, xunto coa lectura de manifestos a prol da igualdade.

Alén do compromiso de manter accións en materia de igualdade durante todo o ano, o Concello de Boqueixón desenvolveu unha serie de actividades específicas dirixidas a escolares de Primaria e Secundaria.



Representantes dos concellos integrados no CIM na presentación da campaña

# Emprendemento dixital dende Lestedo

Dende o comezo da pandemia, as novas tecnoloxías posicionáronse como as grandes aliadas para o desenvolvemento de todo tipo de iniciativas. Un exemplo do aproveitamento das ferramentas dixitais é o emprendedor Manuel Sangiao que dende a súa casa da Lestedo ofrece videotutoriais sobre carpinteiría e bricolaxe.

Este boqueixonés regresou á terra logo de estar en Londres, onde coñeceu á súa muller, Liping Zhao. Coa paralización derivada da crise sanitaria, decidiu emprender. Para isto, acolleuse ao programa de Axudas ao Retornado Emprendedor da Xunta de Galicia, a través do cal obtivo unha subvención de 7.000 euros coa que poñer en marcha o seu negocio.

Este matrimonio afincado en Lestedo recibiu a visita do alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o secretario xeral da Emigración, Anto-



Gonzalo Trenor, esquerda, Liping Zhao, Manuel Sangiao, Manuel Fernández e Antonio Rodríguez durante a visita

nio Rodríguez Miranda, e do delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor López. Quixeron coñecer de primeira man este proxecto de emprendemento dende o rural.

Hai algo máis de meido ano creou a súa propia canle de YouTube, chamada *Lápiz de Carpintero*. “Para min foi unha estupenda oportunidade de aplicar

todo o que aprendín sobre carpinteiría dende cativo”, explica Manuel Sangiao.

En menos dun ano, a súa canle xa conta con preto de 700 subscricións, o que denota o bo facer deste emprendedor boqueixonés. Dende posavasos de madeira a caixoneiras ou estruturas modulares pasando por consellos de bricolaxe para principiantes,

as temáticas nesta canle son do máis variadas.

“O seguinte paso -dado o éxito da súa canle- será abrir un e-commerce. Deste xeito, poderei poñer á venda os meus propios produtos”, indica Sangiao. O emprendemento dixital tamén se estende a Liping Zhao, que dende a súa casa de Lestedo, aprende inglés a profesionais chineses.

## O concurso fotográfico ‘Filloarte’ entrega os seus premios

O Campo da Feira de Lestedo acolleu a entrega de premios do concurso fotográfico *Filloarte*, convocado pola Asociación Cultural da Filloa de Lestedo, en colaboración co Concello de Boqueixón. O presidente da agrupación, José Manuel Canabal, e a concelleira de Servizos Sociais boqueixonese, Ana María Seijo, participaron neste acto, marcado pola solidariedade.

Non en van, as dúas primeiras clasificadas neste

certame doaron cadanseu premio -valorados en 200 e 100 euros, respectivamente, ao Departamento de Servizos Sociais.

Dende a Asociación Cultural amosaron a súa satisfacción pola elevada participación no concurso fotográfico. “Aínda que no se puidese celebrar a festa, conseguimos que a Filloa de Lestedo estivese presente en distintos recunchos da bisbarra e incluso alén mar”, indicou José Manuel Canabal.



Entrega de premios do concurso ‘Filloarte’, Campo da Festa de Lestedo

Aberto o prazo de inscrición no plan de voluntariado xuvenil de Boqueixón

O Concello de Boqueixón abre o prazo de inscrición no seu programa de voluntariado xuvenil municipal. Esta iniciativa está dirixida á mocidade de entre 16 e 30 anos interesada en aprender e adquirir novas experiencias de cara ao seu futuro laboral. Para iso, ofrécense tarefas en distintas áreas como dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores ou recuperación patrimonial.

Todas as persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención. As inscricións pódense formalizar no 981 513 115 ou no enderezo electrónico [omixboqueixon@gmail.com](mailto:omixboqueixon@gmail.com).

## Formación universitaria para persoas maiores de 50 anos

O Concello de Boqueixón participa no programa *Camíños de coñecemento e experiencia*. Proxecto de democratización do coñecemento. Trátase dunha iniciativa que promove a formación universitaria dirixida a maiores de 50 anos.

A veciñanza interesada deberá formalizar o rexistro da súa solicitude, ben de xeito presencial -con cita previa- ou a través da Sede Electrónica do Concello de Boqueixón. Para máis información, poden contactar co Departamento de Educación e Cultura ([cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) ou no 981 513 115).

Esta proposta levarase a cabo os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de abril e constará de diversos seminarios formativos. Terán lugar na Biblioteca Municipal entre as 16.30 e as 18.00 horas. Toda a información, na web municipal.

## O teatro regresa á Casa da Cultura de Camporrapado

A Casa da Cultura de Camporrapado retomou en marzo a súa actividade coa posta en escena de dúas obras de teatro. Dirixidas a público adulto, ofrecéron-

se dúas sesións, que foron posible grazas ao apoio da Deputación da Coruña.

A primeira das obras foi a comedia *Running*, da compañía De Ste Xeito Teatro.

Nesta peza trátanse, en clave de humor, as dificultades de relacionarse nestes tempos de présas.

Pola súa banda, e con motivo do 8M, púxose en

escena a obra *Tabú*. A peza realizou un repaso á erótica e sexualidade da mocidade a través das conversacións con mulleres de entre 70 e 95 anos.



Intre da representación da comedia *Running*, ofrecida por De Ste Xeito Teatro



A obra *Tabú* realizou un repaso á erótica e sexualidade da mocidade das avoas

Anacos do noso

# Boqueixón, a través dos libros

Coincidindo coa celebración do Día do Libro o vindeiro 23 de abril, achégase unha visión diferente sobre o Concello de Boqueixón. Son numerosas as publicacións que falan sobre o municipio, a súa historia, os seus costumes, a súa cultura e os seus principais atractivos turísticos, entre outras temáticas.

Neste 'Anacos do noso', realizarase un repaso por aqueles libros que contribúen a ampliar o coñecemento sobre o concello. Moitos destes títulos foron promovidos por asociacións boqueixonesas en colaboración co Concello. Todos eles están dispoñibles na Biblioteca Municipal para a súa consulta.

Sen dúbida, a temática máis tratada nas distintas publicacións sobre o municipio é o Pico Sacro. Tanto polas súas lendas, excepcionais paisaxes, como pola súa historia ou polas impresionantes covas, este 'Monte Sagrado' é obxecto de páxinas e páxinas nas que se debullan os aspectos máis variados en torno a este icónico enclave boqueixonés.

Para aquelas persoas interesadas na cultura e na historia, tamén teñen á súa disposición



Unha pequena escolma das variadas publicacións sobre Boqueixón se poden consultar na Biblioteca Municipal

publicacións sobre o Entroido dos Xenerais da Ulla, a música e tradición, as carrozas de San Cidre. Incluso se poden descubrir os xogos e xoguetes tradicionais, cantigas e témporas no concello de Boqueixón.

Sobre patrimonio cultural e histórico, tamén se publicaron libros. Neles realízase un repaso ás xoias artísticas que se poden atopar no municipio

en xeral, e incluso dalgunha parroquia en particular.

Os persoeiros salientables do concello tamén tiveron o seu espazo na bibliografía. Así, editouse un libro sobre Gregorio Ferro, pintor de Boqueixón.

O ensaio e a historia tamén teñen o seu espazo dentro desta escolma de referencias bibliográficas relacionadas con Boqueixón. Así, pódense

consultar publicacións sobre desenvolvemento sostible no municipio a través de sectores estratéxicos, e tamén repasar fitos importantes. Este último caso é o dunha das publicacións máis recentes, o libro 'Unha matanza esquecida. Gastrar e Vigo (Boqueixón). Historia dun escarnio durante a Primeira Guerra Carlista', de Severino Fernández Abel.

## Éxito de convocatoria das visitas xeolóxicas ao Pico Sacro

Tras a boa acollida rexistrada durante o verán, o Concello de Boqueixón retomou o programa de visitas xeolóxicas ao Pico Sacro durante a Semana Santa. Uns percorridos organizados pola empresa Geotur Galicia e que permiten descubrir este encla-

ve dende unha perspectiva diferente.

A convocatoria suscitou tanta demanda que se tiveron que ampliar o número de sesións previstas. Así, desenvolvéronse dúas por xornada -entre os días 1 e 4 de abril-, con grupos reducidos dun máximo de

oito persoas, ademais do guía da actividade, co fin de cumprir con todas as medidas de seguridade e prevención contra a expansión da COVID-19.

Os percorridos tiveron como punto de encontro o aparcadoiro do Pico Sacro e duraron aproxima-

damente unha hora. As visitas levaron ás persoas asistentes a distintos puntos como o cumio principal deste monte, o sub-cumio oeste, as dúas bocas das covas e a Rúa da Raíña Lupa. Cada parada contou con información sobre a singularidade deste lugar.

# Comunicación en redes sociais para o deporte

A Deputación Provincial da Coruña vén de poñer en marcha un programa de formación en liña dirixido a entidades deportivas. Baixo o título *Comunicación a través das redes sociais*, procú-

rase introducilas no mundo da análise dixital e as súas rendibilidades.

Para iso, organízanse 7 accións formativas pola provincia, a desenvolver nos meses de maio e xuño. A formación

é de balde, previa inscrición no rexistro da Deputación Provincial da Coruña ou a través da sede electrónica. No caso de Boqueixón, o prazo de inscrición estende-

se a 5 de maio. As prazas están limitadas a 50 e adjudicaránse por rigorosa orde de chegada das solicitudes. Máis información, <https://www.dacoruna.gal/deportes/acciones-formativas/>.

## AXENDA DO MES DE ABRIL

Luns  
5

### Semana Activa

Instalacións de O Forte  
De 09.00 a 14.00 horas  
20 € - Prazas limitadas  
Programa de conciliación para alumnado de Infantil e Primaria.

Días  
19, 20  
e 21

### ITV móbil para vehículos agrícolas

Campo da Festa de Rodiño  
Días 18 e 20, de 09.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas  
Día 21, de 09.00 a 13.30 horas  
Solicitar cita previa na web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com) - Cita previa, ou no teléfono 902 309 000.

Venres  
23

### Actividade BiblioCanta

Biblioteca Municipal  
15.30 horas  
De balde - Aforo limitado  
Proposta para conmemorar o Día do Libro, dirixida a escolares de Infantil a 4º de Primaria. Inscricións ata o 19 de abril no Departamento de Cultura.

Venres  
23

### Programa universitario de maiores de 50

Casa do Concello  
De 16.30 a 18.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
Seminario: *Marcial del Adalid y Gurrea (1826-1881). Un capítulo único da nosa Historia de Galicia e da nosa Historia da Música Clásica Galega*, a cargo da Dra. Laura Touriñán, profesora do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo da USC e investigadora da USC. Requírese inscrición previa no Departamento de Cultura.

Luns  
26

### Programa universitario de maiores de 50

Martes  
27

Biblioteca Municipal  
De 16.30 a 18.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
Obradoiro práctico: *Marcial del Adalid y Gurrea (1826-1881). Un capítulo único da nosa Historia de Galicia e da nosa Historia da Música Clásica Galega*, pola Dra. Laura Touriñán, profesora do Programa Universitario de Maiores e investigadora da USC. Inscrición previa, Dpto. Cultura.

Mércores  
28

### Programa universitario de maiores de 50: Visita á Facultade de Medicina da USC

De 16.30 a 18.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
Visita á Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (USC) polo Dr. José Manuel Fernández. Médico de Familia. Coordinador Nacional de Nutrición (Semergen) e profesor colaborador do Programa Universitario para Maiores, IV Ciclo. Inscrición previa, Dpto. Cultura.

Xoves  
29

### Programa universitario de maiores de 50

Biblioteca Municipal  
De 16.30 a 18.00 horas

Venres  
30

### Programa universitario de maiores de 50

Biblioteca Municipal  
De 16.30 a 18.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
Obradoiro práctico de materiais arqueolóxicos e documentais, a cargo de Anxo Rodríguez, investigador da Facultade de Xeografía da USC e profesor do Programa Universitario para Maiores, IV Ciclo. Requírese inscrición previa no Departamento de Cultura.

Venres  
30

### Sesión para familias: Prevención do abuso das novas tecnoloxías en menores

Casa Cultura Camporrapado  
19.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
Charla *Preocúpache o abuso das novas tecnoloxías na familia?* Requírese inscrición previa no Departamento de Cultura.

**e en maio...**

Mércores  
12

### Unidade móbil DNI

Casa do Concello  
De 09.00 a 12.30 horas  
Intervalos de 5 minutos.  
Requerida cita previa.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061  
[concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)

Cultura: 981 513 115  
[cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com)

Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
[boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com)